

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

## REUNIDOS

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, e don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeados por Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e no exercicio das competencias atribuídas a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (CIF V15160963) que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Todos os interviñentes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

## EXPOÑEN

I. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, recolle a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e, dentro dela, unha Dirección Xeral de Administración Local, polo que é o departamento ao que lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local.

II. O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación



e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, do 15 de outubro.

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

III. A disposición adicional quinta, apartado 3, da Lei 7/1985, do 5 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local determina que as asociacións de entidades locais, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas Administracións Públicas e que así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 12.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras da Administración na xestión das subvencións das que poidan ser beneficiarias as Entidades Locais e os seus organismos dependentes.

Para estes efectos, entre os fins da FEGAMP (artigo 6 dos seus estatutos) figuran a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais, e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Así, a FEGAMP poderá constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, ou subscribir, como xa se ten dito, os acordos e convenios necesarios.

IV. O 3/12/2014, o 11/12/2015, o 24/11/2016, o 7/11/2017, o 20/09/2018, o 13/11/2019, o 18/12/2020, o 21/10/2021, o 29/07/2022, o 22/05/2023 e o 26/08/2024 asináronse cadanseu convenio coa FEGAMP como entidade colaboradora e representante única de todos os Concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos.

V. Para o ano 2025, preténdese continuar a liña de colaboración coa FEGAMP, no relativo aos servizos de atención sanitaria aos trastornos adictivos, aparecendo consignada a contía correspondente a dita colaboración nos orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025.

VI. De acordo coa Liña 6 do Plan de Acción de Salud Mental 2022-2024, aprobado polo



Ministerio de Sanidade, priorízase este tipo de programas adicados á prevención de condutas adictivas con e sen substancia. A Comunidade Autónoma de Galicia está a desenvolver un proxecto denominado "Plan atención aos trastornos adictivos de Galicia", que prevé no seu desenvolvemento establecer convenios de colaboración para diminuír a prevalencia dos trastornos por consumo de substancias e favorecer a súa prevención.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver e a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover a concorrência pública, sendo así que o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4 a) e c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VII. A través do presente convenio, preténdese dar continuidade aos servizos que viñan xestionando as entidades locais no relativo a servizos de atención sanitaria aos trastornos adictivos existentes en cada unha delas, o que implica que a comunidade autónoma preste especial atención a este tipo de gastos, polo que se prevén especialmente no convenio a posibilidade de anticipos, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

Deste xeito procúrase a flexibilidade na xestión e utilización dos fondos para os fins previstos no seu conxunto. Ademais, o mecanismo elixido busca a simplificación dos trámites administrativos e a racionalización da xestión do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do propio convenio.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

1.- O obxecto do presente convenio é regular as condicións que rexerán a relación entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a FEGAMP, como entidade colaboradora, e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio para o financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) e Unidades de Día (UD) a través dos Concellos que dispoñan destas unidades, atendendo



á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

2.- Dentro do marco de desenvolvemento do Pacto Local, o presente convenio establece as condicións que rexerán entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

3.- De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á administración autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia. Así mesmo, tanto as partes asinantes como as entidades beneficiarias virán obrigadas a cumprimentar as obrigas de información previstas no artigo 4.3 da citada Lei 1/2016.

### **Segunda.- Criterios obxectivos de reparto.**

O reparto dos fondos atenderá á prioridade de dar continuidade aos programas existentes, e o importe da subvención a cada concello virá determinado polo cumprimento dos seguintes criterios, coa porcentaxe asignada sobre o total do importe deste convenio:

- O 43,90% do orzamento repartirase proporcionalmente entre os concellos que dispoñan dunha UAD en funcionamento.
- O 25,30% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que dispoñan dunha Unidade de Día en funcionamento.
- O 6,80% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que pertencen a unha área de máximo risco de conformidade co último estudo epidemiolóxico realizado polo Servizo Galego de Saúde (O consumo de drogas en Galicia IX. ISBN 978-84-453-4580-1).
- O 15,00% do orzamento repartirase de xeito proporcional entre aqueles concellos que



dispoñan de infraestruturas e instalacións independentes dos centros hospitalarios, centros de saúde ou puntos de atención continuada pertencentes ao Servizo Galego de Saúde.

–O 2,00% do orzamento repartirase entre os concellos que leven a cabo medidas de coordinación cos centros de atención primaria no seguimento dos problemas de saúde e coas unidades de saúde mental para a coordinación en casos comúns (patoloxía dual), o que implica unha maior coordinación da asistencia dispensada. O cumprimento destas medidas será obxecto de valoración, debendo aportar os concellos unha memoria acreditativa da realización deste tipo de actividades.

–O 1,00% do orzamento repartirase proporcionalmente entre aqueles concellos que realicen atención en horario de tarde. O cumprimento deste requisito será obxecto de comprobación, debendo achegar os concellos unha declaración responsable do horario de apertura ao longo deste 2024.

–O 0,50% do orzamento será repartido proporcionalmente entre os concellos segundo a poboación da área asistencial de cada UAD (segundo datos IGE).

–O 5,50% restante do orzamento será repartido de xeito proporcional en función do indicador “Volume Asistencial”, asignándose a cada UAD a proporción correspondente tendo en conta a última información obtida do Plan Nacional de drogodependencias.

### **Terceira.- Obrigas da administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.**

A administración sanitaria, a través dos seus orzamentos, colaborará cunha achega ingresada na conta da FEGAMP, que se destinará ao financiamento dos custos que supoña a realización dos proxectos, programas e axudas recollidos na cláusula primeira executados polos concellos, de conformidade cos criterios anteriormente indicados e previos os informes técnicos pertinentes.

Para tal efecto, a colaboración coa FEGAMP establecerase a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Valorados os informes previstos neste convenio pola comisión de seguimento, a adxudicación das axudas realizarase, mediante resolución do/a conselleiro/a de Sanidade, sen prexuízo da súa delegación de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Corresponde ao Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave o desenvolvemento da coordinación e xestión da rede de centros asistenciais de drogodependencias, de conformidade co previsto no artigo 12.3 f) do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co previsto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o órgano outorgante virá obrigado á remisión da información sobre as convocatorias e os actos de concesión recaídas, á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Cuarta.- Obrigas da FEGAMP.**

A FEGAMP, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos, recibirá os fondos e transferiraos en nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos seleccionados, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso, de conformidade cos criterios anteriormente indicados e previos os informes técnicos pertinentes dos órganos indicados na cláusula precedente, que respectarán en todo caso os criterios obxectivos de reparto establecidos na cláusula segunda do presente convenio.

Ditos informes técnicos validaránse de conformidade co previsto na cláusula sétima deste convenio, e teránse en conta para a verificación do cumprimento do convenio no momento da xustificación, de conformidade co previsto na cláusula decimo primeira do mesmo.

Así mesmo, difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión dos fondos, asumindo as seguintes obrigas:

- a) Recadar as solicitudes e as adhesións dos concellos seleccionados e a aceptación das bases reguladoras contidas neste convenio, e facelas chegar ao departamento indicado na cláusula terceira. A adhesión e aceptación dos concellos deberá ser efectuada por escrito polo órgano competente. Publicitar e difundir entre os concellos interesados as liñas de axuda a que se refire o presente convenio.
- b) Remitir aos concellos os informes validados pola comisión de seguimento, de conformidade



co previsto no presente convenio, e comunicar aos seleccionados a adxudicación das axudas, que se realizará mediante resolución do/a conselleiro/a de Sanidade, sen prexuízo da súa delegación de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro

c) Entregar aos concellos seleccionados os fondos recibidos de acordo cos criterios e bases reguladoras establecidas no presente convenio.

d) Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como aportar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención. Todo isto farase en base á documentación presentada polos concellos.

e) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención e entregar a xustificación presentada polos concellos.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que, respecto da xestión de ditos fondos, poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro de ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteditas.

g) Levar a cabo as labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos interviñentes, cando así lle sexa solicitado.

h) Remitir as oportunas certificacións e/ou informes municipais acreditativos do cumprimento dos programas desenvolvidos.

i) Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para a mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade.

j) Colaborar no impulso de medidas de protección dos profesionais e dos centros sanitarios públicos, dentro do ámbito territorial dos concellos, fronte ás accións de violencia sanitaria dos usuarios, familiares ou acompañantes, en tanto que o Servizo Galego de Saúde serve aos cidadáns de ditos ámbitos, para o que se acordarán protocolos de cooperación entre as administracións sanitarias e os concellos da súa circunscrición. Entre as medidas a prever integranse aquelas nas que deban intervir os corpos e forzas de seguridade do Estado, con competencias de ámbito local, para facer efectiva a protección e seguridade dos profesionais.

k) Devolver os posibles remanentes das axudas concedidas antes do 31 de decembro de 2025.

m) As demais obrigas previstas no convenio.

A FEGAMP, a quen se lle entregarán os fondos das axudas, distribuirá os mesmos segundo os



informes técnicos a que se refire a presente cláusula.

**Quinta.- Obrigas dos concellos que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases nel contidas.**

1. Os concellos que, previos os informes técnicos necesarios, accedan aos fondos a que se refire o presente convenio non poderán estar incursos en ningunha das circunstancias determinadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, como excluíntes do acceso á condición de beneficiario.

2. A realización dos programas levarase a cabo mediante os medios dispostos polos concellos. Estes medios contarán coas debidas autorizacións, de conformidade co previsto na normativa sanitaria aplicable aos establecementos de tratamento de drogodependencias.

2.1. Os dispositivos sanitarios dos concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran e acepten as bases reguladoras nel contidas, asumen os seguintes compromisos:

a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde

b) Realizar os rexistros necesarios no historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS e SIHGA como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste. As solicitudes de acceso e baixa deben estar actualizadas e deberán ser solicitadas a través do formulario que se engade como Anexo 6.

c) Manter a coordinación cos departamentos indicados na cláusula terceira, así como cos servizos de psiquiatría e os responsables de saúde mental da área sanitaria.

d) Recompilar, segundo o modelo que se xunta como Anexo 1, o consentimento da persoa interesada para o mantemento do programa terapéutico e informarlle, así mesmo, do tratamento que se levará a cabo dos seus datos de carácter persoal.

e) Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos/das profesionais implicados/as no tratamento destes/as pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación



previsto no Plan de Trastornos Adictivos de Galicia.

f) No desenvolvemento da súa actividade a entidade e o seu persoal profesional axustaranse á lei de protección de datos e as instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Facilitarase por parte do Servizo Galego de Saúde un aplicativo informático específico para a xestión de datos xerados no desenvolvemento dos programas terapéuticos, cumprindo estritamente coa normativa en materia de cesión de datos e aplicando as medidas de seguridade pertinentes, que son as que se describen no Anexo 2.

2.2. Os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran e acepten as bases reguladoras nel contidas, asumen os seguintes compromisos:

- a) Cumprir os criterios de austeridade, eficiencia e oportunidade das actividades e gastos comprometidos.
- b) Comunicar á Xefatura Territorial de Sanidade da súa provincia e á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.
- c) Manter actualizados os cadros de persoal, enviando o formulario normalizado de altas e baixas de usuarios (Anexo 6) á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental. O formulario normalizado atópase dispoñible no seguinte enderezo electrónico: (<http://intranet/Paginas/grupos.aspx?IDContido=92&lista=6>)
- d) Xustificar a través da FEGAMP o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute dos fondos.
- e) A participación do concello suporá o consentimento expreso das persoas interesadas á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de novembro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.
- f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



3. Ademais, os concellos comprométense ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en relación á remisión de contas anuais ao Consello de Contas.

4. A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou contractual entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no mesmo e a Xunta de Galicia.

### **Sexta.- Finalidade das axudas para as Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) e Unidades de día (UD).**

Servirán para levar a cabo o desenvolvemento dos programas de asistencia sanitaria especializada a persoas con trastornos adictivos, cun modelo biopsicosocial, a través das unidades que atenderán a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade, e que actuarán de xeito coordinado co resto dos dispositivos de atención ás adicións e de saúde mental da área sanitaria, de acordo ao establecido na Orde de 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcólicas no Servizo Galego de Saúde.

Dita atención comprenderá, entre outras, as funcións de indicación ou prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, atencións de saúde mental e a asistencia psiquiátrica e psicolóxica, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación, a participación nos sistemas de vixilancia e información, a participación na docencia, a formación continuada e a investigación, e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia, en coordinación co sistema de servizos sociais, e a participación nas accións de coordinación, produción de documentación clínica e consultoría cos centros de atención primaria a través dos procedementos que se determinen.

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos farase a través das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD) e as Unidades de Día (UD) das que dispoñan os Concellos.



As axudas previstas neste convenio serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **Sétima.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto a relación entre a administración autonómica e a FEGAMP, créase unha comisión de seguimento composta por unha persoa representante da Consellería de Sanidade, dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde, unha persoa representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e catro persoas representantes da FEGAMP. As persoas representantes designadas polas consellerías e o Servizo Galego de Saúde terán, como mínimo, rango de xefe/a de sección. Unha das persoas representantes pola Xunta de Galicia presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Valorar os informes técnicos previstos nas cláusulas terceira e cuarta do presente convenio, e comprobar e garantir a súa correspondencia cos criterios obxectivos determinados na cláusula segunda, con carácter previo ao libramento dos fondos conveniados.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución dos convenios.

Como mecanismo individual de seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, en canto as actuacións derivadas das relacións entre a administración autonómica e



cada concello que se adhira ao mesmo e acepte as bases reguladoras nel contidas, poderase crear unha comisión técnica de seguimento composta por tres persoas representantes da administración sanitaria (sendo unha delas da área sanitaria e outra do departamento con competencias na xestión dos centros asistenciais de drogodependencias), dúas persoas representantes do concello (sendo unha delas a persoa directora do centro asistencial e outra persoal do departamento con competencias na supervisión e xestión de dito centro dentro do organigrama do concello) e unha persoa representante da FEGAMP. As funcións desta comisión técnica serán:

- Velar polo cumprimento do convenio no que se refire ás relacións entre a administración autonómica e o concello que acceda aos fondos previstos neste convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.

#### **Oitava.- Achegas económicas.**

A Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto deste convenio, cun importe total de CATRO MILLÓNS VINTE E DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (4.022.800€), con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O pagamento anticipado do 100% do importe da subvención concedida realizarase dunha soa vez. Cada concello, previos os informes técnicos previstos, recibirá un importe global e único para os programas que desenvolva, determinado polo cumprimento dos criterios obxectivos de reparto establecidos na cláusula segunda deste convenio.

#### **Novena.- Período de entrega dos fondos á FEGAMP.**

A FEGAMP, como entidade colaboradora, recibirá os fondos correspondentes na medida e coa antelación necesaria para facilitarlle os pagamentos aos concellos seleccionados, de conformidade co indicado na cláusula seguinte.



Ata a súa entrega aos beneficiarios, os fondos entregados á FEGAMP consideraranse en depósito e en ningún caso esta considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio nin do seu orzamento, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración, e deberán ser obxecto de contabilización separada.

A FEGAMP levará os rexistros contables debidos para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez recibidos os fondos pola FEGAMP, esta transferirá aos concellos seleccionados a cantidade que lle corresponda de conformidade cos informes técnicos previamente elaborados, no prazo máximo de 30 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante as entidades asinantes a entrega dos fondos aos concellos seleccionados mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

#### **Décima.- Libramento de fondos aos concellos.**

O libramento dos fondos realizarase mediante un anticipo máximo do 100% do importe da subvención concedida (4.022.800€) tra-la firma do presente convenio, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia de conformidade co previsto no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade co previsto no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a autorización do convenio polo Consello da Xunta de Galicia implicará tamén a autorización da exoneración da constitución de garantía.

#### **Décimo Primeira.- Gastos subvencionables e xustificación.**

De conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025, ámbolos dous días inclusive.

Aos efectos do previsto no artigo 46 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os



concellos presentarán ante a FEGAMP, acreditando expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados con cargo a cada programa e axuda, os documentos xustificativos seguintes:

1. Certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida a axuda, de conformidade co establecido nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1.1º Na certificación debe constar que os gastos teñen que estar pagados no período correspondente para ter a condición de subvencionables.

1.2º Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na certificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

2. Documentación acreditativa da conta de resultados, segundo o modelo do Anexo 3, na que se detallan os gastos de persoal e outros gastos derivados da realización do programa subvencionado.

2.1º O importe xustificado como gasto de persoal deberá acadar, como mínimo, o 80% en cada unha das xustificacións.

2.2º As actividades realizaranse por persoal propio das entidades locais de xeito xeral. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade local poderá subcontratar até un máximo do 75% do importe da actividade subvencionada. O importe que exceda desta porcentaxe non será subvencionable.

A este respecto, serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou



entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

3. Cadro de persoal, segundo o modelo do Anexo 4.

4. No caso de programas de asistencia a trastornos adictivos deberán presentar unha memoria descriptiva breve da actividade realizada, segundo o modelo do Anexo 5, así como cumprimentar os datos esixidos polos instrumentos de planificación vixentes en materia de drogodependencias e asistencia sanitaria.

En todo caso, as entidades asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

5. Esta documentación presentarse ante a FEGAMP con data límite do 27 de febreiro de 2026.

A FEGAMP comprobará a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión dos fondos, con base na documentación presentada polos concellos seleccionados.

A FEGAMP entregará a xustificación presentada ao departamento indicado na cláusula terceira do convenio, acompañando certificación da persoa que exerza a secretaría da Federación, co visto e prace da persoa que exerza a súa presidencia, do cumprimento do obxecto do presente convenio, baseada nas certificacións anteriores.

A documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde coa data límite do 6 de marzo de 2026.

Con base na indicada documentación, o órgano indicado na cláusula terceira do presente convenio levará a cabo a comprobación da xustificación documental e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

A Xunta de Galicia, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.



## **Décimo segunda.- Causas de resolución.**

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

## **Décimo terceira.- Xurisdición e normativa aplicable.**

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.



**Décimo cuarta.- Vixencia.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de marzo de 2026.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente, na data que consta na sinatura dixital

**Pola Consellería de Presidencia,  
Xustiza e Deportes**

**Pola Consellería de  
Sanidade e o Servizo Galego  
de Saúde**

**Pola Federación Galega de  
Municipios e Provincias**

**Diego Calvo Pouso**

**Antonio Gómez Caamaño**

**Alberto Varela Paz**



## **ANEXO 1: SOLICITUDE DE TRATAMENTO VOLUNTARIO**

D/Dna ...  
con DNI ...  
Enderezo ...

por medio deste escrito DECLARO que recibín a información relativa aos diferentes programas de tratamento .

Así mesmo, explícaseme que no momento de iniciar o tratamento e durante o seu desenvolvemento, recolleranse e trataranse os datos de carácter persoal imprescindibles para o bo fin desta atención sanitaria, empregándose a historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde para a consulta e inclusión dos datos xerados no proceso asistencial. Para estes efectos, facilítaseme a seguinte:

Información básica sobre Protección de Datos	
Responsable	Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia).
Finalidade	Xestión da historia clínica e a actividade asistencial
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigación legal, tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
Destinatarios	Aqueles autorizados pola Lei
Delegado de protección de datos	Datos de contacto: delegado.proteccion.datos@sergas.gal
Dereitos	Toda persoa física ten recoñecido legalmente o dereito a acceder aos datos relativos á súa persoa que están a ser tratados. Tamén ten dereito a solicitar a rectificación e supresión destes datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional. Pode exercitar estes dereitos ante a Consellería de Sanidade.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa páxina web: <a href="http://www.sergas.gal/protecciondatos">http://www.sergas.gal/protecciondatos</a>

Considero que se me explicou e comprendín adecuadamente a información previa subministrada, así como a contida neste documento, do cal se me entrega copia, e que os datos de carácter persoal de índole sociosanitaria van ser tratados de conformidade co que se me acaba de explicar.

Tamén se me informou dos meus deberes e dereitos en relación a atención sanitaria.

**SOLICITO**

Libre e voluntariamente, iniciar tratamento no programa .....

..... realizado no centro asistencial: .....

E en proba de conformidade, pasan a ratificar, coa súa sinatura, este documento en            o    de 2025.

**O/A interesado/a**

**Tltor (nome e apelidos)**

**Pola Entidade (nome, apelidos e función) .**



## **ANEXO 2: PROTECCIÓN DE DATOS**

### **NORMATIVA**

Os tratamentos de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD); a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e a normativa complementaria.

Dado que o acordo implica o acceso do persoal da entidade a datos de carácter persoal de cuxo tratamento é responsable a Consellería de Sanidade, a entidade terá a consideración de encargado do tratamento. Do acceso aos datos contidos en IANUS, XECEAS WEB e SIGHA por parte dos profesionais quedará a oportuna constancia e non se considerará comunicación de datos, segundo o previsto no artigo 28 do RGPD.

### **TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

Para o cumprimento do obxecto deste acordo, a entidade deberán tratar os datos persoais dos cales a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, en nome do Sistema Sanitario Público de Galicia (en adiante Consellería de Sanidade) é Responsable do Tratamento.

Iso conleva que a entidade (en adiante o ENCARGADO DE TRATAMENTO) actúe en calidade de Encargado do Tratamento en cada un dos seus ámbitos de competencia e, por tanto, ten o deber de cumprir coa normativa vixente en cada momento, tratando e protexendo debidamente os Datos Persoais.

Se o ENCARGADO DE TRATAMENTO destinase os datos a outra finalidade, os comunicara ou os utilizara incumprindo as estipulacións do acordo e/ou a normativa vixente, será considerado tamén como Responsable do Tratamento, respondendo das posibles infraccións nas que tivese incorrido.

No caso de que como consecuencia da execución do acordo resultara necesario nalgún momento a modificación do mesmo, o ENCARGADO DE TRATAMENTO o requirirá razoadamente e sinalará os cambios que solicita. En caso de que a Consellería de Sanidade estivese de acordo co solicitado xeraríase unha nova versión deste anexo que recolla o tratamento de datos actualizado, de xeito que o mesmo sempre recolla fielmente o detalle do tratamento, SEN OBRIGA DE ACTUALIZAR O RESTO DO ACORDO SE NON ESTIVESE AFECTADO POLO CAMBIO SOLICITADO.

### **OBRIGAS DO ENCARGADO DO TRATAMENTO (ESTIPULACIÓNS COMO ENCARGADO DE TRATAMENTO)**

De conformidade co previsto no artigo 28 do RGPD, o ENCARGADO DE TRATAMENTO e todo o seu persoal obríganse e garanten o cumprimento das seguintes estipulacións:

Tratar os datos persoais conforme ás instrucións documentadas no presente acordo ou demais documentos aplicables á súa execución e aquelas que, no seu caso, reciban da Consellería de Sanidade por escrito en cada momento.



O ENCARGADO DE TRATAMENTO informará inmediatamente á Consellería de Sanidade cando, na súa opinión, unha instrución sexa contraria á normativa de protección de datos persoais aplicable en cada momento.

Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste acordo. Non utilizará nin aplicará os datos persoais cunha finalidade distinta da execución do obxecto do acordo, e en ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios alleos ao mesmo.

Tratar os datos persoais de conformidade cos criterios de seguridade e o contido previsto no artigo 32 do RGPD, así como observar e adoptar as medidas técnicas e organizativas de seguridade necesarias ou convenientes para asegurar a confidencialidade, segredo e integridade dos Datos Persoais aos que teña acceso.

En particular, e sen carácter limitativo, obrígase a aplicar as medidas de protección do nivel de risco e seguridade detalladas no sumario de tratamento recollido en forma de táboa ao final deste Anexo (a partires de agora, Sumario de Tratamento)

Manter a máis absoluta confidencialidade sobre os datos persoais aos que teña acceso para a execución do acordo así como sobre os que resulten do seu tratamento, calquera que sexa o soporte no que se obtivesen. Esta obriga esténdese a toda persoa que puidera intervir en calquera fase do tratamento por conta do ENCARGADO DE TRATAMENTO, sendo deber do ENCARGADO DE TRATAMENTO instruír ás persoas que del dependan, deste deber de segredo, e do mantemento de dito deber aínda despois do remate da prestación do Servizo ou da súa desvinculación.

Velar para que sexan os/as profesionais vinculados as tarefas asistenciais obxecto do presente acordo os únicos que traten os datos persoais e garantir que os/as mesmos/as se comprometen, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade, e a cumprir coas medidas de seguridade correspondentes, das que lles debe informar convenientemente. E manter ao dispor da Consellería de Sanidade dita documentación acreditativa.

Para a xestión de permisos de accesos a sistemas de información baixo o control da Consellería de Sanidade seguiranse as instrucións que esta dite.

Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas ao seu tratamento.

Agás que conte en cada caso coa autorización expresa do Responsable do Tratamento, non comunicar (ceder) nin difundir os datos persoais a terceiros, nin sequera para a súa conservación, fóra do contemplado neste acordo.

Tanto pola natureza do tratamento encargado, o ENCARGADO DE TRATAMENTO deben nomear Delegado de Protección de Datos, e comunicarllo á AEPD, así como a identidade e datos de contacto da(s) persoa(s) física(s) designada(s) polo ENCARGADO DE TRATAMENTO como os seu(s) representante(s) a efectos de protección dos datos persoais (representantes do Encargado de Tratamento), responsable(s) do cumprimento da regulación do tratamento de datos persoais, nas vertentes legais/formais e nas de seguridade.

Unha vez realizado o obxecto do presente acordo, comprométese, segundo corresponda e se instrúa no Sumario de Tratamento, a devolver ou destruír:



**(i) os datos persoais aos que tivese acceso**

**(ii) os datos persoais xerados polo ENCARGADO DE TRATAMENTO por causa do tratamento; e**

**(iii) os soportes e documentos nos que calquera destes datos consten, sen conservar copia ningunha; ao non existir permiso ou requirimento por lei ou por norma de dereito comunitario para a súa conservación, polo que se procederá á destrución. Non obstante, e aportando xustificación de dita solicitude, o Encargado do Tratamento poderá solicitar á Consellería de Sanidade conservar os datos durante o tempo no que poidan derivarse responsabilidades da súa relación co Responsable do Tratamento. En caso de ser aprobada esta solicitude, os datos persoais conservaranse bloqueados e polo tempo mínimo, destruíndose de forma segura e definitiva ao remate de dito prazo.**

**Quedarán exentos deste compromiso aqueles datos incorporados aos expedientes , que non poidan ser considerados como excesivos para a finalidade coa que foron comunicados.**

Segundo corresponda e se indique no Sumario de Tratamento, ao levar a cabo o tratamento dos datos persoais nos sistemas/dispositivos de tratamento, tanto manuais coma automatizados, e nas ubicacións que no citado Sumario se especifican, equipamento que poderá estar baixo o control da Consellería de Sanidade ou baixo o control directo ou indirecto do ENCARGADO DE TRATAMENTO, ou outros que fosen expresamente autorizados por escrito pola Consellería de Sanidade, segundo se estableza en dito Sumario no seu caso, e unicamente polos usuarios ou perfís de usuarios asignados á execución do obxecto deste acordo.

Só se contempla a posibilidade de tratar os datos persoais dentro do Espazo Económico Europeo ou outro espazo considerado pola normativa aplicable como de seguridade equivalente, non tratándoos fóra deste espazo.

De conformidade co artigo 33 do RGPD, comunicar á AEPD, de forma inmediata e a máis tardar no prazo de 72 horas, calquera violación da seguridade dos datos persoais ao seu cargo da que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia ou calquera fallo no seu sistema de tratamento e xestión da información que tivese ou puidese ter que poña en perigo a seguridade dos datos persoais, a súa integridade ou a súa dispoñibilidade, así como calquera posible vulneración da confidencialidade como consecuencia da posta en coñecemento de terceiros dos datos e informacións obtidos durante a execución do acordo. Comunicará con dilixencia información detallada ao respecto, mesmo concretando que interesados sufriron unha perda de confidencialidade.

Manterase en todo momento informada á Consellería de Sanidade das comunicacións realizadas neste sentido.

Cando unha persoa exerza un dereito (de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ou outros recoñecidos pola normativa aplicable (conxuntamente, os "Dereitos"), ante o ENCARGADO DE TRATAMENTO, este debe comunicarllo á Consellería de Sanidade coa maior prontitude. A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción do exercicio do dereito, xuntamente, ne seu caso, coa documentación e outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude que obre no seu poder, e incluíndo a identificación fehaciente de quen exerce o dereito.



Asistirá á Consellería de Sanidade, sempre que sexa posible, para que esta poida cumprir e dar resposta aos exercicios de Dereitos.

**A responsabilidade última para resolver os exercicios de dereitos recibidos corresponde á Consellería de Sanidade.**

Colaborar coa Consellería de Sanidade no cumprimento das súas obrigas en materia de:

**(i) medidas de seguridade**

**(ii) comunicación e/ou notificación de fendas (logradas e intentadas) de medidas de seguridade ás autoridades competentes ou os interesados, e**

**(iii) colaborar na realización de avaliacións de impacto relativas á protección de datos persoais e consultas previas ao respecto ás autoridades competentes; tendo en conta a natureza do tratamento e a información da que dispoña.**

Asi mesmo, porá ao dispor da Consellería de Sanidade, a requirimento desta, toda a información necesaria para demostrar o cumprimento dos compromisos recollidos no presente acordo e colaborará na realización de auditoras e inspeccións levadas a cabo, no seu caso, pola AEPD.

Nos casos nos que a normativa así o esixa (ver art. 30.5 RGPD), levar, por escrito, incluso en formato electrónico, e de conformidade co previsto no artigo 30.2 do RGPD un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta da Consellería de Sanidade (Responsable do tratamento), que conteña, alo menos, as circunstancias a que se refire dito artigo.

Dispoñer de evidencias que demostren o seu cumprimento da normativa de protección de datos persoais e do deber de responsabilidade activa, como, a título de exemplo, certificados previos sobre o grao de cumprimento ou resultados de auditorías, que deberá de poñer a disposición da Consellería de Sanidade a requirimento desta. Asi mesmo, durante a vixencia do acordo, porá ao dispor da Consellería de Sanidade toda a información, certificacións e auditorías realizadas en cada momento.

**A Consellería de Sanidade auditará os accesos realizados en IANUS a datos de pacientes no marco deste acordo, debendo proporcionarlle o ENCARGADO DE TRATAMENTO toda a información que a Consellería de Sanidade considere necesaria para verificar a lexitimidade de ditos accesos. No caso de detectar posibles irregularidades, instará ao ENCARGADO DE TRATAMENTO a que instrúan os expedientes disciplinarios e/ou sancionadores correspondentes, tendo dereito a que se lle informe polo miúdo do contido de ditos expedientes, para poder emprender outro tipo de accións legais en caso de disconformidade.**

Dereito de información: O ENCARGADO DE TRATAMENTO, no momento da recollida dos datos, deben facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato nos que se facilitará a información consensuarase co responsable antes do inicio da recollida dos datos.



O PRESENTE ANEXO e as obrigas nela establecidas, así como o Sumario de Tratamento constitúen o contrato de encargo de tratamento entre a Consellería de Sanidade e os ENCARGADOS DE TRATAMENTO a que fai referencia o artigo 28.3 RGPD. As obrigas e prestacións que aquí se conteñen non son retribuíbles de forma distinta do previsto no presente acordo e terán a mesma duración que este, prorrogándose no seu caso por períodos iguais a este. Non obstante, ao remate do acordo, o deber de segredo continuará vixente, sen límite de tempo, para todas as persoas involucradas na execución do mesmo.

Para o cumprimento do obxecto deste acordo non se require que o ENCARGADO DE TRATAMENTO accedan a ningún outro dato persoal responsabilidade da Consellería de Sanidade, e por tanto non están autorizados en ningún caso ao acceso ou tratamento doutros datos, que non sexan os especificados no Sumario de Tratamento. Se se producise unha incidencia durante a execución do acordo que implicara un acceso accidental ou incidental a datos persoais responsabilidade da Consellería de Sanidade non contemplados no Sumario de Tratamento, o ENCARGADO DE TRATAMENTO deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Sanidade, en concreto do seu Delegado de Protección de Datos, cola maior dilixencia e a máis tardar no prazo de 72 horas.

#### SUB-ENCARGOS DE TRATAMENTO ASOCIADOS A SUBCONTRATACIÓNS

Dada que o acordo non impide a subcontratación de actividades dentro do seu obxecto; en caso de que o ENCARGADO DE TRATAMENTO pretendan subcontratar con terceiros a execución parcial da actividade convenida e o subcontratista, se fose contratado, deba acceder a datos persoais, o ENCARGADO DE TRATAMENTO porano en coñecemento da Consellería de Sanidade, identificando que tratamento de datos persoais conleva, para que a Consellería de Sanidade poida opoñerse a dita subcontratación, se así o decidise.

En todo caso, para considerar autorizada a subcontratación, é requisito imprescindible que se cumpran as seguintes condicións (se ben, mesmo cumpríndose as mesmas, corresponde á Consellería de Sanidade a decisión de opoñerse a dita contratación):

- Que o tratamento de datos persoais por parte do subcontratista se axuste á legalidade vixente, o contemplado neste protocolo e ás instrucións da Consellería de Sanidade.
- Que o ENCARGADO DE TRATAMENTO e a empresa subcontratista formalicen un contrato de encargo de tratamento de datos en termos non menos restritivos aos previstos no presente acordo, o cal será posto ao dispor da Consellería de Sanidade a solicitude desta para verificar a súa existencia e contido.

O ENCARGADO DE TRATAMENTO informarán á Consellería de Sanidade de calquera cambio previsto na incorporación ou substitución doutros subcontratistas, dando así á Consellería de Sanidade a oportunidade de exercer a oposición previsto nesta cláusula. A non resposta da Consellería de Sanidade a dita solicitude polo contratista equivale a NON opoñerse a ditos cambios.

#### INFORMACIÓN

Os datos de carácter persoal vinculados ás actividades de tramitación, control e auditoría deste convenio serán tratados pola Consellería de Sanidade para seren incorporados ao sistema de tratamento "Identificación usuarios e profesionais do sistema público sanitario" e "Inspección



Sanitaria" cuxas finalidades son, no primeiro caso, coñecer a identidade dos/as profesionais relacionados/as co catálogo de prestacións sanitarias, a súa actividade e situación administrativa, así como levar a xestión e control de accesos aos sistemas de información da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; co segundo tratamento xestiónanse as actividades de inspección sanitaria.

Finalidade necesaria para o cumprimento dunha obriga legal da Consellería de Sanidade.

Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados en base á lexislación de transparencia e acceso á información pública.

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e patrimonio documental tanto autonómica coma estatal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a no seren obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercitar ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro, s/n, 15703 – Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico [dpd@sergas.gal](mailto:dpd@sergas.gal).

<b>SUMARIO DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS</b>	
<b><i>Descrición xeral do tratamento de datos persoais a efectuar</i></b>	
Descrición	
O tratamento consistirá en acceso ao sistema IANUS por parte dos profesionais sanitarios das Unidades asistenciais de drogodependencias, unidades de día e comunidades terapéuticas, e a comunicación de datos de carácter persoal a partir deste acceso, coa exclusiva finalidade de cumprir as funcións de asistencia sanitaria integral en materia de adiccións, da persoa que está sendo obxecto dun proceso de asistencia sanitaria realizado nalgún destes dispositivos.	
<b><i>Colectivos e Datos Tratados</i></b>	
Os colectivos de interesados e datos persoais tratados ás que poden ter acceso os ENCARGADOS DE TRATAMENTO son:	
<b><i>Tratamentos/Ficheiros e principais colectivos de interesados</i></b>	<b><i>Datos Persoais do tratamento/ficheiro aos que se pode acceder</i></b>
"Xestión da Historia Clínica e Actividade Asistencial"	<i>Os datos persoais a tratar son os indicados no Rexistro de Actividades de Tratamento.</i>
"Identificación usuarios e Profesionais do Sistema Público Sanitario"	<i>Os datos persoais a tratar son os indicados en el Rexistro de Actividades de Tratamento.</i>



### Elementos do tratamento

O tratamento dos Datos Personais comprenderá:

<input checked="" type="checkbox"/> Recollida (captura de datos)	<input checked="" type="checkbox"/> Rexistro (gravación)	<input checked="" type="checkbox"/> Estruturação	<input checked="" type="checkbox"/> Modificación
<input type="checkbox"/> Conservación (almacenamento)	<input type="checkbox"/> Extracción (retrieval)	<input checked="" type="checkbox"/> Consulta	Cesión
<input type="checkbox"/> Difusión	<input type="checkbox"/> Interconexión (cruce)	<input checked="" type="checkbox"/> Cotexo	<input type="checkbox"/> Limitación
<input type="checkbox"/> Supresión	<input type="checkbox"/> Destrucción (de copias temporais)	<input type="checkbox"/> Conservación (nos seus sistemas de información)	<input type="checkbox"/> Outros: _____
<input type="checkbox"/> Duplicado	<input type="checkbox"/> Copia (copias temporais)	<input type="checkbox"/> Copia de seguridade	<input type="checkbox"/> Recuperación

Unha vez finalice o acordo, o encargado do tratamento debe:

- a) Devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado.

Ademais, o Responsable do Tratamento poderá requirir ao encargado para que no canto da opción a), cumpra coa b) ou coa c) seguintes:

- b) Devolver ao encargado que designe por escrito o responsable do tratamento, os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
- c) Destruír os datos, unha vez cumprida a prestación. Unha vez destruídos, o encargado debe certificar a súa destrución por escrito e debe entregar o certificado ao responsable do tratamento.

En calquera dos 3 casos, e aportando xustificación de dita solicitude, o Encargado do Tratamento poderá solicitar á Consellería de Sanidade conservar os datos durante o tempo que poidan derivarse responsabilidades da súa relación co Responsable do Tratamento ou da execución da prestación. En caso de ser aprobada esta solicitude, os datos persoais conservaranse bloqueados e polo tempo mínimo indispensable, destruíndose de forma segura e definitiva ao final de dito prazo.

### Medidas de seguridade



- Para garantir a privacidade nas comunicacións, o acceso ao sistema IANUS realizarase exclusivamente a través da rede corporativa da Xunta ou da rede corporativa do Servizo Galego de Saúde. A Consellería de Política Social, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Sanidade realizarán as xestións necesarias para conseguir habilitar o acceso a través das ditas redes
- A Consellería de Sanidade decidirá o método e protocolos de seguridade a aplicar no acceso ao sistema IANUS.
- Só se poderán acceder os datos das persoas que estean realizando un proceso terapéutico asistencial. Crearanse listas de traballo que inclúan a aquelas persoas cuxo consentimento estea asinado, escaneado e incorporado telematicamente aos sistemas de información.
- A responsabilidade de recoller e custodiar os consentimentos informados será da entidade. Calquera incidencia que poida ocorrer cos consentimentos que poida poñer en dúbida a súa validez ou vixencia será tamén responsabilidade súa.
- En todas as previsións das actividades que forman parte do exercicio das súas funcións, cómpre aplicar as medidas de seguridade recollidas no anexo II (medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónico segundo a categoría dos datos tratados.
- Cómpre obrigar ao segredo profesional (ou recordala, se xa existe esta obriga) con relación aos datos de carácter persoal a TODAS as persoas que interveñan por conta da entidade en calquera fase do tratamento dos datos. Esta obriga subsiste aínda despois de que se extingue a súa relación de colaboración coa Consellería de Sanidade.
- A entidade obrígase ao cumprimento dos procedementos de identificación, autenticación e control de acceso de usuarios establecidos nos sistemas de información da Consellería de Sanidade, debendo comunicar as altas e baixas de usuarios que se produzan en relación cos empregados da súa organización, conforme ás instrucións facilitadas en cada momento pola Consellería de Sanidade.
- Todas as solicitudes de alta de usuario deberán ser autorizadas e asinadas polo director ou directora da entidade, e o xefe ou xefa de servizo de psiquiatría da área sanitaria de referencia e da dirección xeral de asistencia sanitaria antes da súa autorización definitiva.
- Só se concederá
  - usuario de acceso a IANUS ás/aos médicas/os e psicólogos/os que teñan encomendadas funcións relacionadas co obxecto deste acordo
  - Usuario de acceso a XECEAS aos profesionais sanitarios e non sanitarios que desempeñen actividades asistenciais obxecto deste convenio
  - Acceso a SIGHA aos profesionais que leven a cabo labor de xestión administrativa. O persoal deberá asinar un acordo de confidencialidade que proporcionará a Consellería de Sanidade e a entidade se encargará de recoller e remitir.
- Como mecanismo de sinatura electrónica utilizaranse os certificados de empregado público proporcionados pola Xunta de Galicia, que deben ser xerados e estar instalados de xeito obrigatorio nas tarxetas profesionais, non podendo existir copias deles fóra desas tarxetas.
- A entidade debe comunicar e facer cumprir aos seus empregados que teñan acceso aos datos de carácter persoal as obrigas establecidas nos apartados anteriores, especialmente as relativas ao deber de segredo e ás medidas de seguridade.
- A Consellería de Sanidade realizará de forma periódica auditorías de control do acceso aos datos que realizan os usuarios da entidade, con especial énfase na validez dos consentimentos para o acceso. En caso de detectar usos anómalos ou sospeitosos procederá a anular o



usuario, sen descartar outras accións administrativas, penais ou doutra índole que poidan ser de aplicación.

- A entidade non pode facer copias, descargas, impresións ou calquera outra operación de conservación de datos con finalidades diferentes das establecidas neste acordo con relación aos datos de carácter persoal aos que teña acceso.
- Respecto aos aspectos relacionados coas competencias da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Secretaría Xeral Técnica de la Consellería de Sanidade, a entidade debe informala inmediatamente sobre calquera incidencia nos sistemas de tratamento e xestión da información que tivese ou poida ter como consecuencia da alteración, a perda e o acceso a datos de carácter persoal e a revelación a terceiras persoas de información confidencial obtida mentres a entidade cumpría as súas funcións.
- Tanto para a execución de auditorías realizadas pola Consellería de Sanidade, como no caso de que a Agencia Española de Protección de Datos faga inspeccións ou requirimentos á Consellería de Sanidade, ou á entidade, todas as partes se comprometen a proporcionar a información requirida para facilitar en todo momento as actuacións previstas legalmente e a adoptar as medidas que se consideren oportunas derivadas das ditas actuacións.
- No caso de que a entidade destine os datos a outra finalidade, os comuniquen ou utilicen incumprindo as obrigas especificadas ou calquera outra esixible pola normativa, polo que serán considerados responsables do tratamento, deberán responder de xeito persoal das infraccións cometidas. Ademais, quedarán suxeitos –no seu caso– ao réxime sancionador establecido tanto no RGPD como na LOPDGDD. Ademais, a entidade está suxeita ás mesmas condicións e obrigas descritas previamente neste acordo respecto ao acceso e ao tratamento de calquera documento, dato, norma e procedemento que pertencen á Consellería de Sanidade e aos que puideran ter acceso.

Así como calquera outra medida que o adxudicatario poida identificar e propoñer.

O ENCARGADO DE TRATAMENTO non poderán non implementar o suprimir ditas medidas mediante o emprego dunha análise de risco ou avaliación de impacto agás aprobación expresa da Consellería de Sanidade.

Para estes efectos, o persoal do ENCARGADO DE TRATAMENTO debe seguir as medidas de seguridade establecidas pola Consellería de Sanidade, sen que poidan efectuar tratamentos distintos dos definidos pola Consellería de Sanidade.

Dado que durante a vixencia do acordo xestionaranse polo ENCARGADO DE TRATAMENTO soportes que poden conter datos de carácter persoal especialmente sensibles, será responsabilidade do ENCARGADO DE TRATAMENTO asegurar que todo soporte de datos que saia das súas instalacións sexa inutilizado ou que os datos sexan eliminados de tal xeito que resulte imposible ter acceso aos mesmos.



## ANEXO 3 : CONTA DE RESULTADOS. AÑO 2025

UAD /UD Concello de .....

A.- INGRESOS	CANTIDADE	B.- GASTOS	CANTIDADE
<b>A.1 SUBVENCIONES, DONACIONES E LEGADOS</b> A.1.1 Subvenciones da Comunidade Autónoma A.1.2 Subvenciones do Estado (M.A.S.) A.1.3 Subvenciones de otras Comunidades Autónomas A.1.4 Subvenciones de Concellos A.1.5 Subvenciones de Diputaciones A.1.6 Subvenciones de outros Organismos Públicos A.1.7 Subvenciones de instituciones privadas A.1.8 Donaciones A.1.9 Legados  <b>A.2 DEUDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO</b>  <b>A.3 INGRESOS POR CUOTAS DE SOCIOS</b>  <b>A.4 INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>  <b>A.5 INGRESOS POR VENDA DE PRODUCTOS</b>  <b>A.6 INGRESOS POR ACTIVIDADES DE RECAUDACIÓN</b>  <b>A.7 INGRESOS FINANCIEROS</b>  <b>A.8 INGRESOS EXTRAORDINARIOS</b>  <b>A.9 INGRESOS E BENEFICIOS DE EJERCICIOS ANTERIORES</b>		<b>B.1 GASTOS DE PERSOAL</b> B.1.1 Retribuciones básicas e complementarias B.1.2 Cuotas a Seguridade Social B.1.3 Gastos de formación do persoal B.1.4 Gastos de viaxe  <b>B.2 PRODUCTOS FARMACÉUTICOS E SANITARIOS</b> B.2.1 Productos farmacéuticos B.2.2 Metadona B.2.3 Material sanitario de consumo  <b>B.3 PRODUCTOS ALIMENTICIOS</b>  <b>B.4 VESTUARIO, LENCERÍA E CALZADO</b>  <b>B.5 OUTROS APROVISIONAMENTOS</b> B.5.1 Combustibles B.5.2 Material de limpeza e aseo B.5.3 Material de oficina e diversos  <b>B.6 SERVICIOS EXTERIORES</b> B.6.1 Arrendamento B.6.2 Reparaciones y conservación B.6.3 Servicios de profesionais independentes B.6.4 Transportes B.6.5 Primas de seguros B.6.6 Suministros B.6.7 Limpeza B.6.8 Trabajos realizados por outras empresas  <b>B.7 TRIBUTOS</b>  <b>B.8 PRENSA, REVISTAS, LIBROS</b>  <b>B.9 OUTROS SERVICIOS</b>  <b>B.10 GASTOS FINANCIEROS</b>  <b>B.11 AMORTIZACIÓN DE DEUDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO</b>  <b>B.12 GASTOS E PERDAS DE EJERCICIOS ANTERIORES</b>  <b>B.13 GASTOS EXTRAORDINARIOS</b>	
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>TOTAL GASTOS</b>	



**ANEXO 4 : CADRO DE PERSOAL**

CADRO RESUMO DO PERSOAL DA UAD / UD DE ..... - 2025

Nº	Nome e apelidos	Posto	Titulación	Adicación (%)			Horas Sem.	Meses traball	(1)Soldo base s/complement	(2)Trienios (&)	(3)Retribucións complen.(#)	(4) S.Social empresa	TOTAL (1+2+3+4)	Tipo de Contrato
				UAD	UD	Xestión								
1														
2														
3														
4														
5														
6														
7														
8														
9														
10														
11														
12														
13														



## ANEXO 5 : MEMORIA FINAL

**Achegarase un arquivo en** formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

Máximo de 5 páxinas

Marxes de 2 cm

Letra Arial, tamaño 11

Interlineado sinxelo

A memoria deberá constar, como mínimo, dos seguintes apartados:

1.Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.

2.Cadro de persoal: Nome e apelidos, titulación, tipo de vínculo contractual e categoría profesional desempeñada.

3.Actividades realizadas:

- Pacientes atendidos no ano natural desagregados por sexo (*Solicítese á SX Atención á Saúde Mental mentres a aplicación informática non facilite a información* )
- Medidas de coordinación establecidas con outras entidades do ámbito das adiccions da área sanitaria de referencia (dispositivos asistenciais ou de intervención social, dispositivos de atención a saúde mental e de atención primaria, entidades adicadas ao desenvolvemento de programas de intervención xurídico social e outras coas que se traballe en rede para a atención integral dos pacientes obxecto do presente convenio) detallando a frecuencia aproximada e os mecanismos establecidos para facer efectiva dita labor.



- Actividades de investigación publicadas ou presentadas en congresos científicos.
- Relación detallada de programas, xornadas, cursos, congresos científicos e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.



# ANEXO 6 : FORMULARIO ALTA /BAIXA USUARIOS

(<http://intranet/Paginas/grupos.aspx?IDContido=92&lista=6>)



SOLICITUDE DE ALTA / BAIXA DE USUARIOS					
ALTA			BAIXA		
<b>DATOS DO SOLICITANTE</b> <i>(Este apartado cumprimentarase polo Responsable do Servizo/Unidade/Departamento no que presta servizo a persoa para a que se solicita o acceso)</i>					
PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
NOME					
SERVIZO / UNIDADE / DEPARTAMENTO					
CARGO					
TFNO. DE CONTACTO					
<b>DATOS DO USUARIO</b> <i>(Neste apartado cumprimentarase os datos da persoa para a que se solicita o acceso)</i>					
PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
NOME		CARGO			
CENTRO OU LUGAR DE TRABALLO					
D.N.I.		C.N.P.		DIRECCIÓN IP – S.O.	
TFNO. DE CONTACTO			USUARIO		TAREFAS DE SOPORTE INFORMÁTICO
<b>APLICACIÓNS NAS QUE SE SOLICITA A ALTA / BAIXA</b>					
SIDICM	TERES-Terapias Respiratorias	SIGAP: Cita Previa	Mestre	Catálogo produtos SERGAS	
CRIS	Perfil:	SIGAP: Xestión Dietarios	SAFCO	Consulta Web Catálogo produtos	
Cribado:	SIFCO	CONTACTE	SAGA	ACP	
SAPS	Perfil:	U. Xestora:	SAVAR	Prevenición de Riscos Laborais (PREVEN)	
REGAP	Centro:	Perfil:	XECORE	Xestión de horas sindicais (DIKES)	
Mortalidade (CARON)	XEPYR-Asistencia	SIGAP: Rex. Administrativos	XEPYR-Farmacia	Mantementos TS (MANTS)	
Vacinas (RVACU)	Perfil:	SIGAP: Clínica	Perfil:	Perfil:	
Perfil:	XEPYR-Ortoprésitas	Cita-web	SOLES	Sist. Estampación TS (SETIS)	
Tuberculose (SITUB)	Perfil:	IANUS	Perfil:	Perfil:	
Registro Galgo de Tumores (REGAT)	XEPYR - Desprazamento	Registro	DISELDEL (Med. Estramxaira)	SISTSAN	
Perfil:	Perfil:	Estación EDI	Xenia	Formularios TS (TRATS)	
CADES	Transp. Sanit. Non Unixa. (TSNU0)	Portafirmas	Inventario	Formularios TS (TRATS)	
Xestión Pagamentos (unidade)	Incapacidade Temporal (XEST)	TAOPE	Reclamacións Patrimoniais	Perfil:	
VOXA	Registro de Centros (REXCE)	Perfil:	SIFAR Homologación	Consulta Seguridade Social (GISS)	
Formulario:	Tramitación Expedientes (TRAEX)	Teleictus-CAI (CETIR, HCEPRO/IANUS4 e SHGA)	SIGAP: Farmacia	BADAS: Base datos aseguramento sanitario *	
Perfil:	Perfil:	Perfil:	Laboratorio Saúde Pública (LASSP)	ATT77: Consulta datos asistencia sanitaria *	
XECEAS	REPROH	Metabolopatías (MTBLP)	SEMAGA	Xestión Listas Vinculación Temporalis	
Contratación Activa (CADMO)	REXER	LOPD20	HERME	WIPRES	
CODES	SIONT		LIMSSP	Perfil:	
S. Oficinas Farmacia (OFFAR)	IANUS – Saúde Pública		Perfil:	Servizo/Área Sanitaria:	
				OUTROS	
<p><small>En caso de non estar feito previamente, con esta solicitude para todo usuario de Centros de Saúde, Servizos Periféricos e Servizos Centrais envidados a súa Indicación no directorio de usuarios da Consellería de Sanidade/Servizo Galgo de Saúde e o acceso ao correo electrónico. No caso de empresas estarian non se creará conta de correo electrónico.</small></p> <p><small>*Para a alta de usuarios nestes sistemas será obrigatorio xustificar a necesidade do alta mediante un escrito antes á solicitude onde se explicitan as tarefas para as que é necesario o uso da aplicación solicitada.</small></p>					
<b>&lt;Nome do Centro Directivo que solicita o acceso&gt;</b>					
_____ de _____ de _____					
<b>Acceso para (Usuario)</b>			<b>Solicitado por (Xefe de Servizo, Negociado, etc.)</b>		
Asdo:			Asdo:		
<b>&lt;Nome do Centro Directivo que valida&gt;</b>			<b>&lt;Nome da Unidade de SSCC que autoriza&gt;</b>		
_____ de _____ de _____					
<b>Validado por &lt;Cargo&gt;</b>			<b>Autorizado por &lt;Cargo&gt;</b>		
Asdo:			Asdo:		

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección dos persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), se lles informa que fornecendo este documento aceptan o tratamento de datos de carácter persoal da Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia (S.P.S.) en virtude do 1º de xuño de 2017, e a Xunta de Galicia. Ditos datos serán o obxecto de tratamento de información e persoais da xunta pública sanitaria (xunta de Galicia) e de carácter de identidade das persoas profesionais polo Administrador central de Galicia e doutros profesionais relacionados co catálogo de prestacións sanitarias, así como a actividade e situación administrativa derivada disto mesmo, así como, entre a xestión e control de accesos aos sistemas de información e a Consellería de Sanidade e do Servizo Galgo de Saúde. Os datos poden ser comunicados a outras entidades públicas e privadas que se encadren no ámbito de actuación.

O Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 28.1.F indica que o encargado de tratamento "garantizará que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se fagan comprometidas a manter a confidencialidade e están suxeitas a súa obriga de confidencialidade de natureza profesional". Os datos persoais que se van a tratar pola Xunta de Galicia de Sanidade de conformidade cos criterios de seguridade e o contido previsto no artigo 12 do RGPD. A Consellería de Sanidade comprométese tamén a obter e adoptar as medidas técnicas e organizativas de seguridade necesarias ou convenientes para asegurar a confidencialidade, integridade e integridade dos datos persoais aos que refira acceso.

Todos os datos persoais son recollidos legalmente e o destino a acceder os datos resultantes a nosa actividade que está sendo traballada. Tamén lles debemos solicitar a rectificación e supresión destes datos, así como outros dereitos, como se aplica na información adicional. Si desina exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode facelo na Consellería de Sanidade ou calquera dos centros/unidades dependentes desta, así como no Servizo Galgo de Saúde ou calquera dos centros/unidades dependentes deste así como os centros/unidades públicas dependentes desta. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galgo de Saúde, ten a intención de contactar a información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa páxina web.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificadas a través deste código.  
 CVE: of-c5zjmwk1 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

